

guía

DE LECTURA

TAMBRE

ALA DELTA 

Miña avoa
ten 13 anos

Pepe Carballude



TAMBRE

A obra

Título **Miña avoa ten 13 anos** / Autor **Pepe Carballude** / Ilustrador **David Pintor** / ADV, 17 / 102 páxs.

O autor

Pepe Carballude naceu en Rubín (A Estrada) en 1956 e estudou Filoloxía Clásica en Santiago, exercendo de profesor de latín en diferentes localidades galegas. Leva publicadas máis de vinte obras de literatura infantil e xuvenil e conseguiu en dúas ocasións o premio Barco de Vapor en galego: no ano 1990, por *O deus desaparecido*, en colaboración con Andrés García Vilariño, e en 2002, por *De como o Santo dos Croques se fai peregrino*.

Argumento

Beatriz é unha adolescente de trece anos que todos os días vai visitar á residencia de anciáns a súa avoa Carme, que padece a enfermidade de Alzheimer e con quen mantén unha estreita relación. Nesas visitas Bea faille compañía, comparte de novo todos aqueles contos, fábulas e ditos que súa avoa lle contaba e llelle as historias e anécdotas cotiás que ela escribe. Deste xeito, a avoa convértese na confidente de Beatriz, pois aprecia moito estes relatos e anima a seguir escribindo. Bea coñece outros anciáns, como Luís, o señor do papagaio, quen resulta ter un pasado escuro, e Basilio, o cesteiro. Mais un día a avoa Carme empeora e ten que ingresar no hospital, onde morre debido a un derrame cerebral. Ante ese desenlace trágico, Bea propónlle a Basilio, que tamén está entristecido porque a súa familia non o vai visitar, que sexa o seu avó adoptivo.

Comentario

Valéndose dun narrador omnisciente e, sobre todo, dos diálogos das protagonistas —a nena Beatriz e a súa avoa Carme—, o lector coñece cuestións persoais e sentimentais de ambas as dúas, reflectíndose o forte vínculo que se establece entre neta e avoa grazas ás confidencias que comparten.

A obra retrata moi ben a psicoloxía adolescente por medio dos relatos autobiográficos que Bea lle le á avoa sobre asuntos cotiás que lle acontecen no ámbito familiar e escolar, nos que expresa as súas preocupacións, inseguridades e intereses.

A obra achégase a unha temática dura como é a enfermidade de Alzheimer, aprendéndolles aos lectores a valorar o coñecemento e sabedoría dos maiores, e introduce outras temáticas sociais, como a a soidade e abandono dos anciáns, as falsas aparencias ou mesmo a violencia machista.

Temas

- O **alzhéimer**.
- A relación entre **avós e netos**.
- A **adolescencia**: o proceso de madurez e crecemento e a busca da identidade propia.
- A **morte** e a **soidade dos anciáns**.
- As **falsas aparencias**.
- A **importancia das artes** (literatura, música, pintura) para o enriquecemento persoal.

Reflexións

A enfermidade de Alzheimer produce unha serie de alteracións na persoa que afecta a todo o seu círculo familiar, pois pouco e pouco van perdendo os recordos e deixan de recoñecer os seus seres queridos.

Con esta obra, o lector infantil pode comprender mellor esta enfermidade e os seus efectos, entre eles a morte, un tema tabú na literatura infantil, pero que se presenta sen dramatismo nin victimismo, dunha forma tenra e respectuosa.




Actividades de aproximación

1. O título

Despois de ler o título, imaxina e escribe o que che suxire. Por que cres que di que a avoa ten trece anos?

2. A miña árbore xenealóxica

Fai a árbore xenealóxica da túa familia. Logo escribe algunha anécdota vivida cos teus avós que lembres con especial cariño.



Actividades de afondamento

1. Autorretrato

A protagonista fai unha descrición física e psicolóxica súa desde a páxina 10 ata a 14. Despois de lela, pensa en como te ves a ti mesmo e escribe unha descrición túa, reparando en trazos físicos, estilo de vestir e tamén na túa forma de ser.

2. Musicando

A irmá de Beatriz toca o violín, un instrumento de corda. Clasifica os instrumentos da listaxe.

violín guitarra castañolas frauta xilófono bombo gaita piano
óboe clarinete tambor trompeta contrabaixo arpa pandeireta

Corda	Vento	Percusión



1. O alzhéimer

Na carta de despedida de Beatriz á súa avoa Carme (pp. 98-100) reflíctense moi ben a evolución desta enfermidade e os seus síntomas. Enumera os síntomas que menciona Beatriz. Pódese buscar e ampliar información sobre este tema, que complete a carta de Beatriz, de modo que os alumnos e alumnas cheguen a comprender o deterioro físico e psicolóxico que provoca esta enfermidade e as repercusións que ten na familia do enfermo.

1.
2.
3.
4.
5.
6.
7.

2. Tres boas accións

Beatriz descobre que Basilio, o cesteiro, non recibe visitas da súa familia. E, cando morre a avoa, nun acto de xenerosidade e solidariedade proponlle ser o seu avó adoptivo. Na nosa vida diaria podemos ser solidarios e axudar con pequenos xestos a persoas que están soas e non contan co apoio das súas familias. Anota tres accións que poderías facer para axudar a esas persoas.


1.
2.
3.

1. A túa aventura

Polos relatos que escribe Beatriz coñeces retallos da súa vida diaria. Agora es ti quen debe compartir por escrito algunha anécdota que che teña acontecido.

2. Impresionado co impresionismo

A avoa Carme compara os homes con cadros impresionistas. Infórmate en que consiste a corrente pictórica do Impresionismo. Logo debuxa con esta técnica unha paisaxe.





Suxestión de actividades

Actividades de aproximación

Coas propostas que aparecen baixo este epígrafe preténdese presentar o libro dunha maneira lúdica que estimule a lectura.

- **A enfermidade.** Antes de iniciar a lectura, podemos reflexionar sobre as enfermidades. Seguramente os nenos destas idades xa tiveron contacto con algún familiar enfermo. Trátase de que expresen os seus sentimentos e de que saiban comportarse ante un enfermo. Ser respectuosos, axudar, saber escoitar ou non rir das desgrazas dos demais son algunhas das actitudes que deberían assimilar. Para finalizar, propoñeráse que escriban unha carta dando ánimos a un familiar enfermo.

Actividades de afondamento

Neste bloque de suxestións atoparemos actividades que podemos ir presentando na aula a medida que os nosos alumnos e alumnas lean o libro.

- **As fábulas.** Ao longo da narración reivindicase a sabedoría das fábulas que lle contaba Carme a Beatriz e coas que aprendeu moitos valores. Pódese lle propoñer ao alumnado que recolla fábulas e contos de animais de boca dos seus avós, que os ilustren e que finalmente elaboren un libro.
- **Personaxes mitolóxicos.** No relato noméanse personaxes como o can Cerbero, Hércules ou Breogán. O alumnado debe buscar información sobre estes e outros personaxes mitolóxicos; logo, na clase, preparar un mural con fotografías e ilustracións no que se resume a información recollida.

- **As mascotas.** O pintor Luís acompáñase sempre dun papagaio. Preguntar entre os alumnos quen ten mascota e pedir-lles que escriban algunha anécdota divertida que lles sucedera con ela; no caso de que non teñan mascota, que inventen unha historia.

- **Respectando os demais.** No relato introdúcese o tema do maltrato e a violencia machista. Aproveitaremos para reflexionar cos alumnos e alumnas sobre esta problemática, recollendo noticias de xornais, comentándoas e promovendo un debate no que tratemos de buscar solucións. Tamén se pode propoñer que, en pequenos grupos, deseñen un eslogan en contra da violencia machista.

Actividades de peche

Unha vez que os alumnos e alumnas rematen de ler o libro, tamén podemos suxerir actividades.

- **Que farías ti?** Imaxínade que sufrides unha enfermidade importante que vos obriga a estar internados nun hospital. Gustaríavos que vos fosen visitar os amigos, que vos escribisen cartas ou vos chamasen por teléfono? Escribide un comentario no que expresedes como vos gustaría que actuasen os vosos amigos.
- **Búscase avó.** Ao final do relato, Beatriz propoñelle a Basilio ser o seu avó adoptivo. Pedirlle ao alumnado que amplíe o final da historia, imaxinando e escribindo algunha anécdota que vivirían xuntos Beatriz e Basilio.



Solucionario

Actividades de afondamento

2.

Corda	Vento	Percusión
Violín	Fruta	Castañolas
Guitarra	Gaita	Xilófono
Piano	Óboe	Bombo
Contrabaixo	Clarinete	Tambor
Arpa	Trompeta	Pandeireta

Actividades de peche

1. Desorientación, perda de coordinación motriz, confusión do tempo, micción involuntaria, perda de memoria, apatía, falar soa.

Fragmentos especiais

Beatriz comprendeu daquela por que á avoa Carme lle gustaba tanto contar fábulas, mesmo inventadas por ela, e por que lle adoitaba dicir que detrás das fábulas estaban as actitudes dos homes, a miúdo ruíns e comenenciudos. Agora tamén entendeu por que a avoa, para corrixila, utilizaba exemplos tirados das fábulas, dicíndolle que non fose falsa coma a acobra que matou ao seu salvador, nin egoísta coma o león que non quería compartir a presa cos compañeiros que cazaran con el, nin asoballadora coma o lobo que buscaba unha causa ficticia para comer o año. Sempre tiña unha fábula oportuna para todo. Beatriz, de nena, cansaba das lerias da avoa, pero agora caía na conta de que lle estaba explicando o mundo por dentro, case facéndolle un retrato ao natural.

(páx. 44)

Beatriz abalanzouse sobre a súa avoa cunha efusión que nunca tivera con ninguén, e de súpeto sentiuse asaltada por unha emoción desbordante que non podía nin quería coutar. Outra volta máis era a avoa quen daba a cara por ela, quen atinaba a dicir as palabras xustas no intre oportuno. Ademais, o estado de desvarío facía aínda máis entrañable a súa opinión. Beatriz, inmensamente orgullosa, desafogou abondosamente nos brazos da avoa e a continuación rosmoulle ao oído: «Quérote moito». Carme remelou os ollos para a neta coma se non acabase de entender o que lle dixerá. Deseguido volveu ao seu silencio caviloso, os ollos a esculcaren para fóra.

(páx. 56)

Tamén entendo que non me coñecesas ou que me confundises con outra persoa. Non eras ti, senón esa maldita enfermidade que che veu e te converteu na súa vítima directa.

Entendo que nalgún intre te aburrisas e non soubes que facer. Ou é que hai alguén que non se aburra nunca?

Entendo que repetises as cousas unha chea de veces. Todos facemos iso.

Mesmo entendo que laticases soa. Ese era o teu xeito de estar acompañada.

O que non entendo, avoa, é que teñan que morrer as persoas coma ti.

Por iso estou triste. Por iso estou aquí agora falando contigo. Por iso, avoíña, che digo: Abur para sempre.

(páx. 100)